

ción de interrompibilidade no mercado como do procedemento do sistema de comunicación, execución e control deste.

Disposición adicional terceira. *Condicións específicas para o provedor do servizo de interrompibilidade cuxo proceso produtivo está asociado a unha instalación de coxeración.*

No caso de que o proceso produtivo do provedor do servizo de interrompibilidade estea asociado a unha instalación de coxeración, só poderá quedar acollido a este servizo se, en aplicación dunha orde de redución de potencia do operador do sistema, a instalación de coxeración se compromete a manter a súa produción de acordo co programa que estableza para a devandita instalación o operador do sistema.

Nestes casos, para a instalación de coxeración quedarán excluídas do cálculo da media dun período anual, para o cómputo do rendemento eléctrico equivalente, aquelas horas en que a instalación fose programada polo operador do sistema para manter a súa produción cando o proceso consumidor asociado reduza a potencia demandada en resposta a unha orde de redución de potencia. Por tanto, os valores de Q, V e E serán os correspondentes ao resto do período anual.

Disposición adicional cuarta. *Condicións específicas para a aplicación do servizo de interrompibilidade no mercado.*

Os consumidores a que é de aplicación esta orde poderanlle solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a aplicación de condicións específicas de aplicación do servizo de interrompibilidade no mercado distintas das establecidas con carácter xeral nesta orde cando tales condicións poidan supor melloras para a xestión do sistema en función de circunstancias específicas de xeración, transporte e distribución.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, co informe previo do operador do sistema, poderá autorizar o solicitado sempre que da dita aplicación particular derive un beneficio para o sistema eléctrico e a seguranza de subministración. En calquera caso, a adaptación da retribución ás condicións específicas deste servizo non poderá superar os límites establecidos con carácter xeral nesta orde para o servizo de interrompibilidade.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación do servizo de interrompibilidade ata o 31 de outubro de 2008.*

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderalles autorizar, ata o 31 de outubro de 2008, a aplicación destes servizos, unha vez comezada a temporada alta eléctrica (1 de novembro de cada ano), a aqueles consumidores que, cumprindo os requisitos exixidos para a aplicación daqueles nesta orde, así o soliciten e sempre que se trate de subministracións que estivesen acollidas ao sistema de interrompibilidade en tarifa xeral ou tarifa horaria de potencia con anterioridade á entrada en vigor desta orde, establecendo nela as condicións de adaptación a retribución, quedando obrigados a permanecer no servizo que contraten ata o 31 de outubro de 2008.

Nestes casos, o prazo para que o operador do sistema emita o informe que se establece no artigo 10 e para que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolva a solicitude conforme o artigo 11 será de 15 días. A certificación que deberá emitir o operador do sistema para o outorgamento da autorización administrativa a que se fai referencia no artigo 11.5 terá carácter provisional, establecéndose un período de tres meses para a realización das inspeccións que dean lugar á certificación definitiva.

2. O operador do sistema procederá a formalizar o contrato no prazo máximo de 5 días desde que o consumidor lle presente a autorización ao citado operador.

3. Para a aplicación desta disposición será requisito necesario que previamente sexa aprobado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o modelo de contrato do servizo de interrompibilidade no mercado, así como o procedemento do sistema de comunicación, execución e control deste servizo, conforme se establece na disposición adicional segunda.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos de operación.*

O operador do sistema, no prazo de dous meses a partir da publicación desta orde, presentará unha proposta de procedemento de operación referente á liquidación e facturación do servizo de interrompibilidade á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

No mesmo prazo presentará unha proposta de procedemento de operación onde se defina a metodoloxía para calcular a denominada «previsión de potencia dispoñible» a que se refire o número 1 do artigo 5 e, ademais, se concreten os mecanismos de comunicación cos xestores das redes de distribución, os prazos de aviso, as actuacións e os criterios de aceptación ou rexeitamento para efectos da aplicación do establecido no número 3 do artigo 5.

Disposición derradeira primeira. *Revisión da norma.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio revisará cada catro anos, logo de informe do operador do sistema e da Comisión Nacional de Enerxía, o mecanismo de xestión da demanda regulado nesta orde para adaptalo ás necesidades do sistema en cada momento.

Disposición derradeira segunda. *Execución e aplicación.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ditará as resolucións necesarias para a execución e aplicación do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de xullo de 2007.—O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

14800 *ORDE APA/2371/2007, do 2 de agosto, pola que se modifica a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 185, do 3-8-2007.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

Desde o ano 2004 o suroeste da Península Ibérica viuse afectado pola circulación viral do serotipo 4 do virus causante desta enfermidade, e desde xullo de 2007 ademais detectouse a presenza do serotipo 1 do mesmo virus, adoptándose as medidas adecuadas en todo momento para o seu control e erradicación, incluíndo a existencia dun programa de vacinación fronte á enfermidade.

As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, cuxa última modificación, polo que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España e Alemaña, a constitúe a Decisión 2007/28/CE, da Comisión, do 22 de decembro de 2006.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas, a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

En función dos datos epidemiolóxicos existentes cómpre variar a zona restrinxida S-1-4 engadindo novas comarcas veterinarias das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, así como as condicións para o movemento para vida de animais das especies sensibles procedentes de explotacións radicadas nesta zona.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

A Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. O anexo II substitúese polo seguinte:

«ANEXO II

Requisitos mínimos para os movementos de animais de especies sensibles á lingua azul, desde explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-1-4

O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona restrinxida S-1-4 cara a explotacións situadas na zona restrinxida S-4 ou en zona libre do territorio nacional poderase realizar se se cumpren os seguintes requisitos:

1. Que estivesen protexidos do ataque de *Culicoides* durante, como mínimo, 14 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras de sangue tomadas, como mínimo, 14 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

2. Ademais do requisito anterior, os animais da especie ovina e bovina maiores de 3 meses de idade, con destino para vida deberán estar vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul, de acordo coas seguintes condicións:

a) Que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados, en cuxo caso o movemento se producirá

inmediatamente despois da aplicación da dose vacinal de recordo, sempre e cando a devandita dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación aplicado. O prazo máximo para o movemento será dun ano para a especie ovina e de seis meses para a especie bovina.

b) Ou que se trate de animais vacinados por primeira vez, debendo pasar polo menos 25 días desde a aplicación da segunda dose vacinal. O prazo máximo para o movemento será dun ano para a especie ovina e de seis meses para a especie bovina.»

Dous. O anexo III substitúese polo seguinte:

«ANEXO III

Relación de comarcas incluídas en cada unha das zonas definidas no artigo 2

A. Zona restrinxida S-1-4:

As cidades de Ceuta e Melilla e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

As provincias de Cádiz, Sevilla e Huelva.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Antequera, Cartama, Estepona, Málaga e Ronda.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias de Montilla, Peñarroya-Pueblonuevo e Posadas.

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Azuaga, Jerez de los Caballeros e Zafra.

B. Zona restrinxida S-4:

As provincias de Cáceres, Toledo e Ciudad Real.

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Badajoz, Castuera, Don Benito, Herrera del Duque e Mérida.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Málaga: comarca de Vélez-Málaga.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias de Baena, Hinojosa del Duque, Lucena, Montoro e Pozoblanco.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda, Cebreros, El Barco de Ávila, El Barraco, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, Arganda del Rey, Alcalá de Henares, Colmenar Viejo, El Escorial, Griñón, municipio de Madrid, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Torrelaguna e Villarejo de Salvanés.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.»

Tres. Engádesse unha nova disposición transitoria, co seguinte contido:

«Disposición transitoria segunda. Réxime temporal de movementos de reses de lida desde explotacións situadas en parte da zona restrinxida S-1-4 para a celebración de espectáculos taurinos en zona restrinxida S-4.

Non obstante o previsto no artigo 6 e na disposición transitoria anterior, non será de aplicación aos espectáculos taurinos que se celebren dentro dos 24 días naturais seguintes á entrada en vigor desta orde a obriga da comunicación previa á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona restrinxida S-4, para os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida das seguintes comarcas:

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Azuaga, Jerez de los Caballeros e Zafra.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias de Montilla, Peñarroya-Pueblonuevo e Pousadas.

Provincia de Huelva: as comarcas veterinarias de Aracena, Cartaza, Cortesana, La Palma del Condado, Puebla de Guzmán e Valverde del Camino.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de Cazalla de la Sierra e El Ronquillo.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 2 de agosto de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

XEFATURA DO ESTADO

14884 *REAL DECRETO LEI 7/2007, do 3 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Canarias.* («BOE» 186, do 4-8-2007.)

Durante os últimos días do mes de xullo e primeiros do mes de agosto de 2007 sucedéronse no arquipélago canario diversos incendios forestais que afectaron con especial intensidade as illas de Gran Canaria, Tenerife e La Gomera.

Víronse seriamente danadas miles de hectáreas nas tres illas citadas, o que provocou, á parte de graves afeccións na masa forestal, a evacuación de máis de 12.000 persoas, as cales tiveron que ser desaloxadas das súas vivendas ante o perigo que supoñía para a súa integridade física a proximidade do lume aos núcleos de poboación afectados.

A gravidade dos incendios requiriu mobilizar para a súa extinción, alén dos efectivos humanos e técnicos empregados pola Comunidade Autónoma de Canarias, medios extraordinarios, tanto da Administración xeral do Estado, como das outras administracións autonómicas e locais; especialmente de medios aéreos.

A magnitude destes feitos, e das súas consecuencias, obriga os poderes públicos a adoptaren medidas extraordinarias, no marco do principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes.

Prevese así, nesta norma, un réxime de axudas específicas, así como a adopción dun conxunto de medidas paliativas e compensatorias dirixidas á reparación dos danos producidos en persoas e bens e á recuperación das zonas afectadas.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polos citados incendios nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario.

O obxectivo desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan diversos departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, desde as que se dirixen a diminuír as cargas tributarias ata as que prevén a concesión de créditos privilexiados para intentar paliar o impacto nos cidadáns e nas empresas afectados.

Neste sentido, e co fin de non demorar a aplicación inmediata das medidas máis perentorias, procedeuse a ditar con carácter de urxencia este real decreto lei, deixando para un desenvolvemento posterior a habilitación dos créditos adecuados, e na contía necesaria, para o financiamento das medidas cuxa natureza así o xustifiquen.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Defensa, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2007,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplícaranse ás persoas e bens afectados polos incendios acontecidos durante os últimos días do mes de xullo e primeiros do mes de agosto de 2007 na Comunidade Autónoma de Canarias.

2. Os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos cales concretamente sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do Ministerio do Interior. Para tal efecto, poderanse entender tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos cales, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

3. O Goberno, mediante real decreto, poderá declarar, con delimitación dos municipios e núcleos de poboación afectados, a aplicación das medidas previstas neste real decreto lei a outros incendios de características similares que acaecesen ou poidan acaecer na mesma e outras comunidades autónomas, desde o 1 de marzo ata o 1 de novembro de 2007.

Artigo 2. *Subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria dos cabidos insulares.*

Aos proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación aos cales se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade municipal e das mancomunidades, así como das redes de distribución e depósitos dos consellos insulares de auga, e á rede viaria dos cabidos insulares, aplicaráselles o trámite de urxencia, podendo o Estado concederlles unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

Artigo 3. *Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.*

1. As indemnizacións previstas neste artigo irán destinadas aos titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados para o ano 2007 e estando situadas no ámbito xeográfico sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 20 por cento da súa produción, de acordo con criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

2. Serán obxecto de indemnización:

a) Nas explotacións gandeiras, as perdas producidas como consecuencia dos danos rexistrados sobre áreas de aproveitamento gandeiro, sempre e cando os animais das ditas explotacións estean asegurados en calquera das liñas de seguros contidas no dito plan.

b) Serán, igualmente, obxecto de indemnización os danos rexistrados naquelas producións agrícolas e gandeiras para as cales nas datas do sinistro non se iniciase o período de contratación do correspondente seguro, sempre e cando se contratase o dito seguro na campaña anterior.

c) Para as restantes producións agrícolas e gandeiras, que no momento de se produciren os danos dispuñan de